

ACTA DA ASAMBLEA XERAL TÉCNICA

No Edificio Sociocultural da Senra , sendo ás 15:45 horas do **sábado 22 de novembro de 2025**, réunese a Asamblea Xeral Técnica da Federación Galega de Orientación (Fegado) en sesión ordinaria, de acordo coa orde do día previamente establecida e comunicado, quedando debidamente constituída en segunda convocatoria coa presenza de 7 dos seus 33 membros, todos eles representados en tempo e forma:

1.- POLO ESTAMENTO DE CLUBS (6 de 22):

	Presente	Ausente
Vizhoja-Cornelios (As Neves)		x
CDM Xesteiras (Pontevedra)		X
Club Orientación Compás (Lugo) > Francisco Varela Lorenzo	X	
A.D.C. Arnela (Porto do Son) > Ramón Fernández Torres	X	
Gallaecia Raid (A Coruña) > Claudia Oreiro Chapela	X	
S.M. Ártabros (A Coruña) > Alfonso Mancera Bello	X	
Fluvial de Lugo (Lugo)		X
Peña Trevinca-Barco (O Barco de Valdeorras)		X
A.D. A Forna-BudiñoRaid (O Porriño)		X
Aromón Pontevedra (Pontevedra)		X
Universidade de Vigo (Vigo)		X
VigoOrienta (Vigo)		X
A.D.C Monte Breamo (Pontedeume)		X
Brigantia Aventura (A Coruña)		X
Club de Orientación Coruña (A Coruña)		X
Club Montaña Ferrol (Ferrol)		X
Club O Pasatempo (Betanzos)		X
Club Orientación Liceo de A Coruña (A Coruña)		X

Club SEO (Ordes)		X
Club USC (Santiago de Compostela)		X
Club Vichelas (Guitiriz)		X
Club Objetivo Trail (Pontevedra)		X
Club Raza Palleira (Pontevedra)		X
A.D. Limioactiva (Xinzo de Limia)		X

2.- POLO ESTAMENTO DE ORIENTADORES (1 de 7):

	Presente	Ausente
Lucía Parga Basanta		X
Borja Varela Paz		X
Laura Garrido Martínez		X
Enrique Luis Álvarez Estévez	X	
Yolanda García González		X
David Lareo Martínez		X
Victoria López Permuy		X

3.- POLO ESTAMENTO DE TÉCNICOS/ADESTRADORES (2 de 2):

	Presente	Ausente
Ángel Álvarez Serto	X	
Teresa Bellón Santos		X

4.- POLO ESTAMENTO DE XUÍCES/CONTROLADORES (1 de 2):

	Presente	Ausente
Pablo A. Aller Estévez		X
Candela Puime López		X

Tamén asisten, con voz pero sen voto: Roberto Amarelle Garabán (secretario da Fegado), Jorge Piñeiro Portela (director técnico da Fegado) e Alicia Pérez Alonso (vogal de MTBO).

ORDE DO DÍA

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da Asamblea Xeral Técnica do 30/11/2024.

Toma a palabra a presidenta da Fegado para dar a benvinda e agradecer a presenza das persoas asistentes. Acto seguido procédese á votación da Asamblea Xeral Técnica do 30/11/2024 sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

2º.- Propostas de enmenda aos diferentes reglamentos e normas anuais vixentes.

Proposta 1 presentada por Francisco Varela Lorenzo, do Club Compás de Lugo, expón que nas categorías non oficiais O-pé e Sprint, nas probas de iniciación curta, non exista límite de idade; e que a participación nas probas de iniciación longa quede restrinxida a persoas de 18 anos ou máis. Tras o debate entre os membros da Asemblea, propónse modificar este límite, reducindo a idade mínima de participación en iniciación longa aos 16 anos. Sométese a votación a emenda á proposta, quedando aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

Proposta 2 presentada por presentada por Francisco Varela Lorenzo, do Club Compás de Lugo, formula a ampliación do arco de categorías co fin de fomentar a participación das persoas de maior idade nunha categoría máis adaptada ás súas necesidades, creando así a nova categoría M/F 65 nas probas de O-pé e Sprint. Intervén Jorge Piñeiro, como director técnico, para indicar a necesidade de incorporar a seguinte descrición para ter en conta no deseño dos trazados desta categoría: 'maior esixencia técnica que física, tendendo esta a reducirse a medida que aumenta a idade, en relación, no seu caso, con cada sexo'. Sométese a votación a proposta coa emenda indicada polo director técnico, sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

Proposta 3 presentada por Jorge Piñeiro Portela establece que os percorridos das probas oficiais da FEGADO deberán ser deseñados por persoas con titulación de Trazador/a Nivel 1 en O-Pé, MTBO e/ou Trail-O, segundo o Rexistro Oficial de Titulados da FEDO, salvo autorización debidamente xustificada mediante informe da Dirección Técnica, co obxectivo de garantir unha maior calidade e seguridade nos trazados elaborados para as diferentes categorías. Tras a análise da proposta, acórdase incorporar tamén que os xuíces e xuízas de cronometraxe deberán posuír a licenza de cronometraxe de nivel I. Sométese a votación a proposta así emendada, resultando aprobada por 6 votos a favor e 1 en contra (Alfonso Mancera Bello).

Proposta 4 presentada por Jorge Piñeiro Portela sobre a actualización e mellora da interpretación do documento referido ás cotas e acordos Fegado para a tempada. Dado que esta proposta consta de varios apartados analízanse e vótanse de xeito individual quedando do seguinte xeito:

a) Gastos de xuíces e xuízas. Mantéñense para o ano 2025 as cotas e acordos vixentes relativos a desprazamentos, aloxamento e manutención, salvo que o futuro convenio de colaboración entre a SxD e a FEGADO actualice os importes para a tempada 2026. Procédese á votación, sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

b) Préstamo de material. Indícase que a FEGADO dispón de material para ser cedido ás persoas organizadoras de eventos oficiais FEDO, aplicando as cotas oficiais establecidas para a tempada 2026 (consultar cotas de alugueiro FEDO). Procédese á votación, sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

c) Inclusión da especialidade Ultra Rogaining. Acórdase incorporar esta especialidade na táboa de cánones para o alugueiro de material. Procédese á votación, sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor).

d) Responsabilidade sobre o material alugado. Proponse que, ademais da obriga de comunicar á persoa responsable da FEGADO calquera perda, substracción ou rotura, se garanta tamén a reposición do material. Tras o debate, o propio director técnico decide retirar a proposta, polo que non se somete a votación e mantense o procedemento actual: “En caso de perda, substracción ou rotura, debe comunicarse á persoa responsable da FEGADO”.

e) Conceptos aplicables a todas as especialidades. Proponse que a licenza de día teña un custo de 3 euros e que o alugueiro de SportIdent sexa de 3 euros/día, ambos importes a aboar á FEGADO, ademais do canon polo alugueiro de material. Tras o debate, fórmulase unha emenda pola que a licenza de proba terá o custo establecido na tarifa FEDO e o alugueiro de SportIdent será de 3 euros por proba (e non por día), importes igualmente destinados á FEGADO, ademais do canon de alugueiro de material. Procédese á votación da emenda, sendo aprobada por unanimidade (7 votos a favor)

Proposta 5 presentada por Francisco Varela Lorenzo, do Club Compás de Lugo, pretende facilitar o achegamento ao deporte mediante a redución das cotas e acordos da FEGADO para a tempada 2026. Para as probas de O-Pé, propón que nas categorías de Iniciación Curta e Iniciación Longa o custo sexa o correspondente ao prezo do seguro de día máis 2,00 €, incluíndo inicialmente o uso de tarxetas P-card (para trazados con menos de 14 balizas). Para as probas de MTBO, propón que as categorías de Promoción e Iniciación por equipos teñan igualmente un custo de prezo do seguro de día máis 2,00 €, tamén inicialmente co uso de tarxetas P-card (trazados con menos de 14 balizas). Tras o debate na Asemblea, acórdase retirar da proposta o emprego das tarxetas P-card e incorporar a seguinte emenda: ‘prezo do seguro por persoa e día máis 2 euros’. Así mesmo, decídese estender esta proposta emendada ás probas de Trail-O e Rogaining. Sométese á votación a proposta emendada, sendo aprobada por 6 votos a favor e 1 abstención (Alfonso Mancera Bello)

Proposta 6 presentada por Francisco Varela Lorenzo, do Club Compás de Lugo, ten como obxectivo facilitar a participación, establecendo un prezo simbólico pola impresión do mapa, dado que o seguro xa queda cuberto pola licenza anual. Propón que, para a tempada 2026, as cotas e acordos da FEGADO relativas ás inscricións en probas oficiais sexan de 2,00 € para as categorías M/F-18 e inferiores nas probas de O-Pé, e de 2,00 € para as categorías M/F-20 e inferiores nas probas de MTBO. Tras o debate na Asemblea, acórdase enmendar a proposta de modo que, nas probas de O-Pé, as categorías M/F-16 e inferiores teñan unha cota de inscrición de 2 euros, e que, nas probas de MTBO, esta cota se aplique ás categorías M/F-17 e inferiores. Sométese a votación a proposta emendada, resultando aprobada con 6 votos a favor e 1 abstención (Alfonso Mancera Bello).

Proposta 7 presentada por Jorge Piñeiro Portela, co obxectivo de adaptar a esixencia de medios sanitarios — incorporando este novo termo— aos riscos propios das distintas especialidades dentro da modalidade de orientación, propón que o parágrafo 26.9 do Regulamento de Orientación (O-Pé, MTBO e Trail-O), no que se indica: ‘Haberá ambulancia e persoal sanitario á disposición da organización, que deberá estar equipado para actuar’, sexa substituído polo seguinte texto: ‘26.9 A organización deberá dispoñer de medios sanitarios adecuados e proporcionais ao risco da actividade, en función das súas características, número de participantes e natureza. Ditos medios poderán ser básicos (botiquín e/ou persoal con formación en primeiros auxilios) cando o risco sexa baixo, ou avanzados (ambulancia e persoal sanitario equipado para actuar) cando o risco sexa maior.’ Tras ser debatida pola Asemblea, Jorge Piñeiro decide retirar a proposta coa intención de analizar previamente a lexislación vixente vinculada a esta materia e presentala de novo nunha futura Asemblea Técnica.

3º.- Rogos e preguntas.

Intervén Claudia Oreiro para informar de que a empresa Tracktherace se puxo en contacto coa FEGADO para ofrecer, de maneira totalmente gratuíta, uns 15 dispositivos de xeolocalización destinados a corredores/as menores de 16 anos durante os adestramentos de tecnificación e/ou como medida de seguridade nas probas oficiais para menores. Aínda que estes dispositivos non supoñen custo algún, é necesario coñecer o funcionamento da plataforma asociada, polo que o persoal técnico da empresa impartirá unha formación específica, que podería integrarse nas charlas de actualización e formación previstas para xaneiro de 2026. Os membros da Asemblea consideran a proposta moi positiva e expresan o seu agradecemento á empresa.

Finalmente, toma a palabra Francisco Varela, como responsable do calendario de probas da FEGADO, para manifestar a súa preocupación polo reducido número de competicións propostas polos clubs para a tempada 2026 ata o momento

E sen máis asuntos que tratar, dase por concluída a reunión da Asemblea Xeral Técnica, co agradecemento da presidenta a todos e todas os/as presentes, sendo as 18:10 horas do mesmo día 22 de novembro de 2025.

O secretario da Federación
Roberto Amarelle Garabán

VºBº A Presidenta
Sonia Gómez Naya